



FACULTADE DE RELACIÓNS LABORAIS

Regulamento de réxime interno Facultade de Relacións Laborais

Aprobado polo Consello de Goberno da
USC na súa sesión do 8 de maio de 2015

Índice

TÍTULO PRELIMINAR	5
Artigo 1º	5
Artigo 2º	5
TÍTULO PRIMEIRO - DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DA FACUTADE	6
CAPÍTULO I. Da Xunta de Facultade	6
Sección 1ª: Disposicións xerais.....	6
Artigo 3º	6
Sección 2ª: Da composición e funcións da Xunta de Facultade.....	6
Artigo 4º	6
Artigo 5º	7
Sección 3ª: Do funcionamento da Xunta de Facultade.....	9
Artigo 6º	9
Artigo 7º	9
Artigo 8º	10
Artigo 9º	10
Artigo 10º	11
Artigo 11º.....	11
Artigo 12º	11
Artigo 13º	12
Artigo 14º	12
Sección 4ª: Actas das sesións e certificacións de acordos.....	13
Artigo 15º	13
Artigo 16º	14
CAPÍTULO II. Das comisións da Facultade	15
Sección 1º: Disposicións xerais.....	15
Artigo 17º	15
Artigo 18º	15
Sección 2ª: Da Comisión Permanente da Xunta de Facultade.....	16
Artigo 20º	16
Artigo 21º	17
Sección 3ª: Das comisións asesoras	17
Artigo 22º	17
Artigo 23º	17
Artigo 24º	18
Artigo 25º	18

Sección 4ª: Da Comisión de Calidade	18
Artigo 26º	18
Artigo 27º	18
Artigo 28º	19
Sección 4ª: Da Comisión de Normalización Lingüística.....	20
Artigo 30º	20
Sección 5ª. Da Comisión de Xénero	20
Artigo 31º	20
TÍTULO SEGUNDO. DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS.....	21
CAPÍTULO I. Do decano ou decana	21
Artigo 32º	21
Artigo 33º	21
Artigo 34º	22
Artigo 35º	22
Artigo 36º	23
Artigo 37º	23
CAPÍTULO II. Do secretario ou secretaria	25
Artigo 38º	25
CAPÍTULO III. Dos vicedecanos e/ou vicedecanas.....	25
Artigo 39º	25
TÍTULO TERCEIRO – DA REFORMA DO REGULAMENTO	26
Artigo 40º	26
DISPOSICIÓN ADICIONAL.....	26
DISPOSICIÓN DERROGATORIA.....	26
DISPOSICIÓN FINAL.....	27--

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1º

1. O Regulamento de réxime interno da Facultade de Relacións Laborais da Universidade de Santiago de Compostela, ten por obxecto establecer o réxime xurídico do Centro en desenvolvemento dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela e demais normativas de aplicación.
2. O presente Regulamento debe ser integrado e interpretado no marco do disposto nos Estatutos da Universidade e demais normas legais e regulamentarias sobre ensino universitario, así como do resto do ordenamento xurídico que sexa de aplicación.

Artigo 2º

1. Son órganos de goberno e administración da Facultade de Relacións Laborais os seguintes:
 - Órganos colexiados: a Xunta de Facultade.
 - Órganos unipersoais: a) o decano ou decana; b) os vicedecanos ou vicedecanas e c) o secretario ou a secretaria.
2. Outros órganos colexiados son: a) a Comisión Permanente. b) a Comisión de Calidade. c) a Comisión de Normalización Lingüística d) a Comisión de Xénero, así como calquera outra comisión que, de acordo coa normativa aplicable, sexa precisa.

TITULO PRIMEIRO - DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DA FACUTADE

CAPÍTULO I. Da Xunta de Facultade

Sección 1ª: Disposicións xerais

Artigo 3º

1. A Xunta de Facultade é o órgano colexiado de goberno da Facultade de Relacións Laborais, aproba as liñas xerais de actuación no ámbito desta e supervisa o labor dos seus órganos de dirección e xestión.
2. As normas de funcionamento da Xunta de Facultade rexerán para os demais órganos colexiados de non existiren previsións específicas para estes.

Sección 2ª: Da composición e funcións da Xunta de Facultade

Artigo 4º

1. A Xunta de Facultade terá a seguinte composición:
 - a) O/a decano/a, quen a presidirá.
 - b) Os vicedecanos e/ou vicedecanas.
 - c) O secretario ou a secretaria da Facultade, que o será tamén da Xunta.
 - d) A persoa responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos da Facultade.
 - e) O persoal docente e investigador e persoal investigador en formación con docencia na Facultade e censado nela, así como o non censado que teña no centro un encargo docente igual ou superior ao 35% da capacidade docente dun profesor a tempo completo. Están incluídos dentro deste grupo:
 - Todo o profesorado con vinculación permanente á Universidade de Santiago de Compostela, que representará o 51% da composición da Xunta.

- O resto, sempre que non exceda do 10% do total da Xunta. O persoal docente e investigador a tempo parcial non poderá representar máis do 5%.
 - f) Unha representación do estudiantado do 32% do total da Xunta, do cal o 28% será das titulacións de grao adscritas á Facultade e o 4% das titulacións de máster universitario e doutoramento.
 - g) Unha representación do persoal de administración e servizos censado no centro, nunha proporción do 7% do total da Xunta, cun mínimo de dous membros.
2. Todos os representantes elixidos serano por dous anos, agás os estudantes, que o serán por un ano. A condición de membro da Xunta perderase ao cesar a vinculación coa facultade ou ó deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo cal se foi elixido.

Artigo 5º

1. Son competencias da Xunta de Facultade as seguintes:
- a) A elección do/a decano/a e, de ser o caso, a súa remoción mediante unha moción de censura construtiva que, en todo caso, deberá ser aprobada pola maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade.
 - b) A elaboración e a aprobación do Regulamento de réxime interno.
 - c) A supervisión da xestión dos restantes órganos de goberno e de administración da Facultade.
 - d) A elaboración e a aprobación dos proxectos de plans de estudos das titulacións adscritas á Facultade, consonte a lexislación vixente e as normas xerais emanadas do Claustro Universitario.
 - e) A aprobación das liñas xerais da política académica da Facultade e, entre elas, a proposta e implantación de novas titulacións oficiais, de creación de escolas de especialización profesional dependentes do centro e de organización das ensinanzas conducentes á obtención doutros diplomas e títulos.
 - f) A organización dos servizos docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito, así como a coordinación e a supervisión

da actividade docente do profesorado con docencia no centro, e igualmente a supervisión do seu cumprimento.

- g) A programación dos espazos, servizos e equipamentos da Facultade e a supervisión da súa xestión.
 - h) A distribución das asignacións orzamentarias concedidas á Facultade e o control da súa aplicación.
 - i) O informe verbo das propostas de creación, modificación ou supresión de departamentos relacionados coa Facultade pola súa docencia e investigación.
 - j) A organización de actividades de formación permanente e de extensión.
 - k) A manifestación da súa opinión verbo de calquera asunto relacionado coa Facultade ou coas súas actividades.
 - l) Calquera outra competencia que lle atribúan os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela ou lle encomende un órgano competente ou a lexislación vixente.
2. A Xunta de Facultade poderá delegar na Comisión Permanente as competencias que non lle reservan expresamente os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela e a demais normativa de aplicación.
 3. A delegación entenderase por termo indefinido, agás que o acordo de delegación dispoña outra cousa ou que a temporalidade da mesma se derive da propia natureza da delegación.
 4. A Xunta de Facultade poderá revogar en calquera momento a delegación, recuperando o exercicio das competencias delegadas.

Sección 3ª: Do funcionamento da Xunta de Facultade

Artigo 6º

1. A Xunta de Facultade terá que reunirse en sesión ordinaria e en período lectivo polo menos tres veces durante o curso académico en período lectivo.
2. As reunións de carácter ordinario deberán conter necesariamente as mencións de aprobación da acta da sesión anterior, asuntos de trámite e rogos e preguntas, salvo que a sesión sexa convocada con carácter extraordinario, nos casos previstos neste Regulamento e na demais normativa de aplicación, ou para tratar un punto único.
3. Ademais das reunións ordinarias, a Xunta poderá reunirse con carácter extraordinario a iniciativa do/a decano/a, ou a solicitude da Comisión Permanente ou dun mínimo dun terzo dos membros da Xunta. Os solicitantes deberán indicar o punto ou puntos que serán incluídos na orde do día da sesión.
4. As sesións da Xunta deben celebrarse en dependencias da Facultade en días administrativamente hábiles. As sesións ordinarias non se celebran en datas de exames oficiais ordinarios. As reunións extraordinarias deberán celebrarse no prazo máximo de 15 días desde a solicitude, sen que se tomen en consideración os períodos non lectivos. En caso de extraordinaria e urxente necesidade a Xunta de Facultade tamén poderá reunirse en datas de exames oficiais ordinarios.

Artigo 7º

1. A Convocatoria da Xunta de Facultade corresponde ao/a decano/a e deberá conter os puntos a debater na sesión.
2. Para que a convocatoria teña efecto deberase comunicar a todos os membros da Xunta de Facultade mediante notificación escrita ao seu enderezo de correo electrónico. Nesta farase constar, xunto coa orde do día, a data, hora e lugar de celebración da reunión. Xunto coa convocatoria remitirase aos membros da Xunta de Facultade a documentación neces-

saría para o desenvolvemento da sesión, que igualmente estará á súa disposición na secretaría da Facultade.

3. As notificacións serán remitidas aos membros da Xunta, polo/a Secretario/a, polo menos, con corenta e oito horas de anticipación.
4. A Xunta de Facultade, salvo casos de forza maior, tense que reunir nas dependencias da Facultade dentro do horario habitual de apertura desta procurando causar o menor trastorno posible no desenvolvemento das tarefas docentes. Propiciarase a asistencia dos membros da Xunta de Facultade a cada unha das sesións.

Artigo 8º

1. A orde do día das sesións da Xunta será elaborada polo/a decano/a, asistido polo equipo decanal.
2. Deberán incluírse na orde do día os puntos que, con anterioridade á convocatoria da Xunta de Facultade, soliciten por escrito, como mínimo, o 25% dos seus membros.

Artigo 9º

1. Só teñen dereito de asistencia ás Xuntas de Facultade os seus membros.
2. Cando a natureza dalgún dos asuntos a tratar requira a asistencia de persoas da comunidade universitaria, pertencen ou non á Facultade, estas poden ser convidadas ou admitírselle a súa solicitude motivada de asistencia. En ambos casos, acudirán con voz pero sen voto.
3. No caso da asistencia a unha sesión da Xunta de Facultade de persoas non pertencentes á mesma, darase a coñecer esta circunstancia ó inicio da sesión e garantirase que os asistentes que non teñen a condición de membros da Xunta non podan participar nos debates nin nas votacións, salvo que, de xeito excepcional, o/a decano/a autorice a súa intervención, a efectos meramente informativos, para facilitar o desenvolvemento da sesión.

Artigo 10º

A Xunta de Facultade constitúese validamente en primeira convocatoria coa asistencia do/a decano/a, do/a secretario/a, ou persoas que legalmente os substitúan, e da metade dos demais membros da mesma, e en segunda convocatoria, dez minutos despois, coa asistencia dun cuarto dos seus membros, sempre que entre eles asistan, polo menos, o/a decano/a e o/a secretario/a ou quen legalmente os substitúa.

Artigo 11º

1. A Xunta de Facultade será presidida polo/a decano/a ou quen o substitúa.
2. En caso de ausencia do decano/a presidirá a Xunta o/a vicedecano/a. De non ser posible a asistencia deste/a último/a, presidirá a sesión o/a profesor/a da Facultade de maior idade. Actuará como secretario/a da Xunta quen o sexa da Facultade e, na súa ausencia, calquera outro membro que determine o presidente.
3. O/a presidente/a decidirá sobre a alteración da orde de discusión dos puntos da orde do día, o ordenamento dos debates, e calquera outra cuestión que se lle encomende no presente Regulamento.

Artigo 12º

1. O/a decano/a dirixirá e ordenará o desenvolvemento das sesións velando por que os debates se efectúen de forma áxil, completa, respectuosa e de xeito que tódolos membros da Xunta de Facultade que o desexen poidan expoñer as súas posicións e facer valer os seus dereitos. En función das peticións de palabra, determinará a duración de cada intervención.
2. Os membros da Xunta de Facultade teñen dereito ao uso da palabra en relación con calquera dos puntos da orde do día. Ninguén poderá ser interrompido cando fale salvo polo/a decano/a, para ser chamado á orde ou para cinguirse ao tema que se estea a tratar.
3. Os membros da Xunta de Facultade serán chamados á orde polo/a decano/a cando nas súas intervencións incumpran as regras establecidas, interrompan ou alteren a orde dos debates. Despois de chamar tres veces

á orde a un membro da Xunta de Facultade, o/a decano/a poderá prohibirle asistir ao resto da sesión.

Artigo 13º

1. As decisións da Xunta adoptarán a forma de acordos en materias da súa competencia.
2. De acordo cos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, os acordos da Xunta de Facultade son susceptibles de ser recorridos en alzada diante do Consello de Goberno da USC.

Artigo 14º

1. Os acordos adoptaranse polo maior número de votos a favor dunha determinada proposta, salvo o disposto expresamente neste Regulamento para determinados asuntos. Non será necesaria votación cando exista asentimento de todos/as membros presentes sobre unha determinada proposta. Non se poderán adoptar acordos sobre asuntos que non figuren na orde do día, salvo que tódolos membros da Xunta estean presentes e sexa declarado de urxencia o asunto polo voto favorable da maioría.
2. As votacións poden ser públicas a man alzada ou secretas. Serán secretas cando afecten a persoas, o requira a natureza do asunto a tratar ou a solicitude, como mínimo, de cinco membros presentes na sesión. Non se admite a delegación de voto nin o voto anticipado.

Sección 4ª: Actas das sesións e certificacións de acordos

Artigo 15º

1. O/a secretario/a da Facultade levantará acta de todas as sesións da Xunta de Facultade. En caso de que o/a secretario/a da Facultade non puidese asistir a unha sesión, o/a decano/a designará quen o/a substitúa.
2. En cada acta figurarán inescusablemente as seguintes mencións: a) membros da Xunta de Facultade, nominalmente designados, que asistiron á sesión, salientando as ausencias xustificadas; b) orde do día; c) acordos e recomendacións, especificando se foron adoptados por asentimento ou votación e, no seu caso, se o foron por maioría ou unanimidade, facén-

dose constar o número exacto de votos emitidos, o sentido de cada un deles e as abstencións.

3. Na acta téñense que incluír os textos literais dos acordos e unha referencia aos debates, así coma calquera mención que os membros da Xunta, individual ou colectivamente, desexen que figure expresamente e fagan constar nun escrito sucinto entregado ao/a secretario/a.
4. As actas aprobaranse na seguinte sesión ordinaria da Xunta de Facultade coas modificacións que propuxesen previamente por escrito os seus membros, sempre que estas sexan aprobadas pola Xunta e plasmen máis axeitadamente o desenvolvemento da sesión. Non será precisa notificación previa por escrito para modificacións de erros ou lagoas puramente materiais. A proposta de acta estará a disposición dos membros da Xunta de Facultade na Secretaria da Facultade polo menos 48 horas antes da sesión na que se someta a aprobación.
5. Logo de aprobada, cada acta será asinada polo/a secretario/a, ou quen fixese as súas veces, co visto e praxe do/a decano/a ou do/a presidente/a efectivo/a da sesión que se reflecta.

Artigo 16º

1. Na Facultade levarase un libro de actas no que se incorporarán as minutas de cada sesión unha vez aprobadas.
2. O libro de actas estará baixo a custodia do/a secretario/a da Facultade, que permitirá a súa consulta a calquera membro da Xunta de Facultade.
3. Só darán fe dos acordos e recomendacións da Xunta as certificacións que, por orde do/a decano/a, expida o/a secretario da Xunta de Facultade. Poderanse expedir certificacións:
 - a) De oficio, por requirimento de órganos das Administracións Públicas, incluída a propia Universidade de Santiago de Compostela, ou de órganos xudiciais no exercicio da súa competencia.
 - b) A instancia dos membros da Xunta de Facultade .
 - c) A instancia de calquera interesado.

Nestes dous últimos casos o contido das certificacións versará unicamente sobre a parte decisoria dos acordos.

CAPÍTULO II. Das comisións da Facultade

Sección 1º: Disposicións xerais

Artigo 17º

1. A elección dos membros das comisións estables que representen aos distintos sectores da Xunta de Facultade realizarase polos membros do respectivo sector no seo propio da Xunta. A elección poderá ser por asentimento, sen necesidade de votación, cando o número de candidatos presentados sexa inferior ou igual ao de postos elixibles. A presidencia destas comisións corresponderá ao/á decano/a, e a secretaría ao/á secretario/a da Facultade. Os membros destas comisións pertencerán á Xunta de Facultade.
2. Os representantes serán elixidos por dous anos, agás os/as estudantes, que o serán por un ano. A condición de membro das Comisións estables perderase ao cesar a vinculación coa Facultade ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo cal foi elixido.

Artigo 18º

1. As comisións estables serán convocadas nos mesmos termos que os establecidos para a Xunta de Facultade.
2. Das sesións das comisións estables levantarase un acta polo seu secretario ou secretaria.
3. O/a decano/a da Facultade informará a Xunta de Facultade en cada sesión ordinaria da mesma, de todas as actuacións das comisións estables celebradas desde a data da anterior sesión ordinaria.

Sección 2ª: Da Comisión Permanente da Xunta de Facultade

Artigo 19º

1. A Comisión Permanente da Xunta de Facultade estará composta por:
 - a) O decano ou decana que a preside e convoca.
 - b) Os vicedecanos ou vicedecanas.
 - c) O secretario ou secretaria da Facultade que actuará como Secretario/a da Comisión.
 - d) Unha representación dos distintos sectores que integran a Xunta de Facultade en número de 10, distribuídos do seguinte xeito: 4 membros do profesorado con vinculación permanente á USC, 1 membro do restante persoal docente e investigador, 3 estudantes de grao, 1 estudante de máster ou doutoramento e 1 membro do persoal de administración e servizos.
2. Os membros da Comisión Permanente teñen que ser membros da Xunta de Facultade.

Artigo 20º

Son competencias da Comisión Permanente da Xunta de Facultade:

- a) Coñecer e decidir sobre os asuntos de trámite.
- b) Adoptar acordos sobre os asuntos que lle fosen delegados pola Xunta de Facultade nos termos previstos por este Regulamento.
- c) Coñecer e decidir sobre calquera asunto que sexa competencia da Xunta de Facultade e non estea reservado expresamente a esta.
- e) Asesorar en todas aquelas cuestións que o/a decano/a lle solicite no exercicio das súas competencias e decidir, de ser o caso, sobre as que aquel lle delegue expresamente.

Artigo 21º

A Comisión Permanente terá que reunirse en sesión ordinaria polo menos unha vez cada dous meses. Para a adopción de acordos rexerán as normas da Xunta de Facultade.

Sección 3ª: Das comisións asesoras

Artigo 22º

1. Sen prexuízo das comisións estables existentes no Centro, a Xunta de Facultade, pode crear comisións asesoras para emitir informes, propostas ou recomendacións non vinculantes sobre determinados temas. A Xunta acordará a composición e funcións das comisións asesoras respectando a representación dos sectores nos que teña incidencia o ámbito de actuación da comisión, agás nos supostos expresamente previstos neste Regulamento ou noutras normas universitarias que sexan de aplicación.
2. As comisións asesoras poden ser específicas para un tema concreto ou estables para os temas que, pola súa incidencia na Facultade, así o aconsellen.

Artigo 23º

1. Os membros das comisións asesoras teñen que ser membros da Xunta de Facultade, e serán elixidos polo respectivos sectores. Os seus presidentes poderán invitar a participar nelas, con voz pero sen voto, a outros membros da Facultade.
2. As reunións das comisións asesoras terán que celebrarse nos locais da Facultade en días hábiles. Serán convocadas por escrito cunha antelación mínima de vinte e catro horas. En casos de urxente necesidade e a xuízo do seu presidente, poderán ser convocadas de forma verbal.

Artigo 24º

As comisións asesoras constituiranse validamente en primeira convocatoria cando concorra a maioría absoluta dos seus membros e, en segunda convocatoria, que poderá celebrarse dez minutos despois, cos membros presentes.

Artigo 25º

As comisións asesoras redactarán os seus informes, propostas e recomendacións nunha acta, que será elevada ao órgano que solicitou o informe. Cando a iniciativa partise das propias comisións asesoras, estas elevarán os seus informes, propostas e recomendacións á Comisión Permanente ou á Xunta de Facultade.

Sección 4ª: Da Comisión de Calidade

Artigo 26º

A Comisión de Calidade é o órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do Sistema Interno de Garantía de Calidade (SIGC) da Facultade, actuando ademais como medio de difusión interna do Sistema, tanto dos seus logros como dos problemas que se presenten.

Artigo 27º

1. A Comisión de Calidade da Facultade de Relacións Laborais está composta por:
 - a) O/a decano/a, que a preside e convoca.
 - b) O/a responsable de calidade do Centro.
 - c) O/a secretario/a da Facultade.
 - d) Os/as coordinadores/as de todas as titulacións oficiais adscritas a Facultade.
 - e) O/a responsable da Unidade de Apoio a Xestión a Centros e Departamentos da Facultade.
 - f) Dous estudantes nomeados pola Xunta de Facultade.
 - g) Outros membros que o/a decano/a considere oportuno propoñer á Xunta de Facultade para o bo funcionamento do SIGC.

Artigo 28º

Son competencias da Comisión de Calidade da Facultade de Relacións Laborais:

- a) Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGIC no Centro.
- b) Elaborar a Memoria de Calidade do Centro que englobará distintos informes e memorias:
 - Informe de resultados do sistema, que inclúe a proposta do plan de melloras do Centro para o curso seguinte.

- Informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora.
- Memoria/as dos Título/s oficiais adscritos ao Centro que inclúe as propostas de mellora.

Artigo 29º

Os/as coordinadores/as de todas as titulacións oficiais adscritas á Facultade facilitarán á Comisión de Calidade do Centro todos os datos necesarios para que esta poida desenvolver as súas competencias.

Sección 4ª: Da Comisión de Normalización Lingüística

Artigo 30º

1. A Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Relacións Laborais está composta por:
 - a) O/a decano/a, ou persoa en quen delegue, que a preside e convoca.
 - b) Unha representación dos distintos sectores que integran a Xunta de Facultade en número de 10, distribuídos do seguinte xeito: 4 membros do profesorado con vinculación permanente á USC, 1 membro do restante persoal docente e investigador, 3 estudantes de grao, 1 estudante de máster ou doutoramento e 1 membro do persoal de administración e servizos.
2. A Comisión de Normalización Lingüística elixirá entre os seus membros un secretario ou secretaria.

Sección 5ª. Da Comisión de Xénero

Artigo 31º

1. A comisión de Xénero da Facultade de Relacións laborais está composta por:
 - a) O/a decano/a.
 - b) Dous representantes do profesorado.
 - c) Un estudante.
 - d) Un representante do PAS.
2. A Comisión de Xénero velará polo cumprimento efectivo do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en todos os ámbitos da Facultade no marco das políticas que neste eido deseñe a USC.

TÍTULO SEGUNDO. DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS

CAPÍTULO I. Do decano ou decana

Artigo 32º

O decano ou decana representa á Facultade, exerce a súa dirección e xestión ordinaria, preside e coordina a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.

Artigo 33º

1. Son competencias do/a decano/a:
 - a) A representación da Facultade.
 - b) A presidencia das reunións da Xunta de Facultade e a de calquera outro órgano colexiado delas, así como a execución dos seus acordos.
 - c) A vixilancia do cumprimento da legalidade en todas as actuacións da Facultade.
 - d) A dirección académica de todas as titulacións oficiais adscritas ao Centro.
 - e) A dirección económica das actividades organizadas polo Centro.
 - f) A proposta ao/á reitor/a do nomeamento e cesamento do/a secretario/a da Facultade e, de ser o caso, dos/as vicedecanos/as, dentro do límite que sinala o Consello de Goberno.
 - g) A vixilancia do respecto dos dereitos e do cumprimento dos deberes de todos os membros da comunidade universitaria que desenvolven o seu labor no Centro.
 - h) O control do adecuado mantemento do patrimonio do centro.
 - i) O exercicio das restantes funcións que deriven do seu cargo, así como aquelas outras que lle sinalen os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela ou a lexislación universitaria.
2. Tamén son competencias do/a decano/a todos os asuntos de goberno e administración da Facultade non atribuídos a outros órganos.

Artigo 34º

1. As eleccións a decano/a se rexerán pola normativa electoral vixente na USC para a elección de órganos unipersoais. Serán convocadas polo/a decano/a coa debida antelación para que teñan lugar antes do termo do seu mandato e, en calquera caso, como mínimo un mes antes da finalización deste. Se o/a decano/a cesase definitivamente por causa distinta da expiración do seu mandato, as eleccións serán convocadas por quen o substitúa, nos vinte días seguintes ao dito cesamento. No suposto de cese temporal do/a decano/a por ausencia debidamente autorizada, procederase a nomear polo/a reitor/a un/unha decano/a en funcións durante o tempo que dure aquela circunstancia, sen que necesariamente teña que iniciarse eleccións a decano/a.

Artigo 35º

1. A elección de decano/a levarase a cabo nunha sesión extraordinaria da Xunta de Facultade que terá como único punto da orde do día o relativo á elección. A sesión non poderá celebrarse antes de que pasen tres días hábiles despois de pechado o prazo de presentación de candidaturas, nin despois de corenta e cinco días naturais desde a data da convocatoria.
2. A presidencia da sesión corresponderá ao decano/a en funcións. No caso de que este presente a súa candidatura, será substituído polo vicedecano/a que este designe. Si estes ou estas tamén presentasen a súa candidatura, actuará como presidente o membro da Xunta de Facultade de maior idade que reúna as condicións requiridas nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela para o desempeño do cargo.
3. No caso de que o/a secretario/a da Facultade presente a súa candidatura, actuará como secretario/a accidental o membro da Xunta de Facultade de menor idade que reúna as condicións requiridas nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela para o desempeño do cargo.
4. Cada un dos/as candidatos/as que se presenta a elección disporá dun tempo máximo de trinta minutos para expoñer, se así o desexa, o seu programa. Deseguido, responderán durante un prazo máximo conxunto

dunha hora ás preguntas que os membros da Xunta de Facultade lles formulen.

Artigo 36º

1. Concluído o debate, procederáse á votación, nominal e secreta, por todos os membros da Xunta de Facultade presentes. Cada elector poderá dar o seu voto a favor dun/dunha único/a candidato/a, votar en branco ou absterse. Na papeleta deseñada aos efectos, o voto exprésarase cunha cruz á beira do nome do candidato ou doutro xeito inequívoco.
2. A presidencia da sesión adoptará as medidas necesarias para garantir o segredo do voto e a seguridade do resultado.
3. No caso de concorrencia de máis dun/dunha candidato/a, a elección celebrárase de acordo co sistema de dobre volta establecido no Regulamento electoral xeral da Universidade de Santiago de Compostela. No caso de que houberse un único candidato, só se celebrará unha votación, resultando elixido aquel que obteña o 25% ou máis dos votos emitidos.

Artigo 37º

1. O/a decano/a pode ser revogado mediante moción de censura de acordo co previsto nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.
2. Para poder ser tramitada, a moción de censura deberá ser presentada coas sinaturas de, polo menos, un terzo dos membros da Xunta de Facultade e incluír o nome da persoa proposta como novo/a decano/a, que tamén terá que asinar para acreditar a súa conformidade.
3. Se a moción de censura reunise os requisitos anteriores, o/a decano/a convocará unha sesión extraordinaria da Xunta de Facultade con ese único punto da orde do día, nun prazo máximo de quince días hábiles desde que aquela teña entrada no rexistro da Facultade ou en calquera dos Rexistros xerais da USC.
4. A presidencia da sesión corresponderá ó membro do profesorado con vinculación permanente á Universidade de Santiago de Compostela pertencente á Xunta de Facultade de maior categoría e antigüidade.

5. Tanto o/a candidato/a proposto/a na moción de censura coma o/a decano/ar disporán dun prazo máximo de trinta minutos cada un para expoñer as súas posicións e liñas xerais de actuación. De seguido, abrirase unha rolda de preguntas por parte dos membros da Xunta de Facultade cun prazo de duración máximo dunha hora.
6. Rematada a rolda de preguntas e intervencións, procederase á votación nominal e secreta da moción de censura. A moción considerarase aprobada se recibe o voto favorable da maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade.
7. Se a moción non fose aprobada, os asinantes da mesma non poderán presentar outra durante o mesmo mandato.

CAPÍTULO II. Do secretario ou secretaria

Artigo 38º

1. O/a secretario/a da Facultade dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do Centro e, como tal, ten encomendada a custodia das actas e a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do Centro. Ademais, exercerá aquelas outras funcións que lle encomenden o/a decano/a, a lexislación vixente e os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.
2. O/a secretario/a será nomeado/a polo/a reitor/a, segundo a proposta do/a decano/a, de entre os profesores ou funcionarios dos subgrupos A1 e A2 censados na Facultade.
3. O/a secretario/a cesará por decisión do/a reitor/a, tras a proposta do/a decano/a ou por petición propia.

CAPÍTULO III. Dos vicedecanos e/ou vicedecanas

Artigo 39º

1. No exercicio das súas competencias, o/a decano/a será asistido polos vicedecanos e/ou vicedecanas.
2. É labor dos vicedecanos coordinaren ou dirixiren, baixo a autoridade do/a decano/a, a área ou áreas de competencias que este lles encomende, sen prexuízo de que as funcións técnico-administrativas correspondan ao persoal de administración e servizos. De existiren varios vicedecanos ou vicedecanas, o/a decano/a designará quen ten que substituílo, en caso de ausencia ou enfermidade.
3. Os/as vicedecanos/as serán nomeados polo/a reitor/a, por proposta do/a decano/a, de entre os membros da comunidade universitaria da Facultade que reúnan os requisitos establecidos nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.
4. Os/as vicedecanos/as cesarán no seu cargo por decisión do/a reitor/a, logo da proposta do/a decano/a, ou por petición propia.

TÍTULO TERCEIRO – DA REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 40º

1. A iniciativa para a proposta de reforma do Regulamento pode ser adoptada polo/a decano/a ou mediante proposta asinada por un 25% dos membros da Xunta de Facultade.
2. As propostas de reforma do Regulamento, debidamente articuladas e motivadas, acompañaranse á convocatoria da Xunta de Facultade na que sexan debatidas debendo darse un prazo mínimo de cinco días hábiles para a presentación de emendas antes da celebración da Xunta. O debate e votación destas terá lugar na Xunta de Facultade.
3. Para que a proposta de reforma sexa aprobada será preciso que reciba o voto favorable da maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade. Unha vez aprobada, esta proposta remitirase ao Consello de Goberno.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

O persoal docente procedente da antiga Escola de Graduados Sociais, integrada na USC por medio do Decreto 241/1991, do 4 de xullo, terá a mesma consideración para os efectos deste Regulamento, tanto en dereitos como en deberes, que os profesores titulares de escola universitaria (a extinguir).

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

1. Queda derrogado o Regulamento de réxime interno da Escola Universitaria de Relacións Laborais, aprobado pola Xunta de Escola o 20 de decembro de 2005, ratificado polo Consello de Goberno do 24 de abril de 2006 e modificado polo Consello de Goberno do 14 de maio de 2009.
2. Quedan derrogados os acordos adoptados polos órganos colexiados da Facultade que se opoñan a este Regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor coa súa publicación na sede electrónica da USC logo da súa aprobación polo Consello de Goberno.

